

Documentación e difusión multicanle dun proxecto G2501066



Designed by pch.vector / Freepik

CALENDARIO:

19 e 26 de febreiro
5 e 12 de marzo

HORARIO:

De 17:00 a 20:00h

CONTIDOS:

19 de febreiro. Aula 8 do CAFI. Sesión con Marga Saborido

Organización, comunicación e traballo colaborativo para a creación de proxectos

- Configuración e comunicación a través do correo electrónico. Creación de cartafoles e xestión da axenda.
- Traballo colaborativo en documentos a través do BoxAbalar. Creación e edición de arquivos. Avaliación con enquisas.

26 de febreiro. Aula 8 do CAFI. Sesión con Marga Saborido

Desenvolvemento de proxectos na comunidade educativa virtual:

- Creación de páxinas, boletíns e blogs de grupo en Agueiro. Almacenamento de ficheiros, vídeos e fotos nos diferentes repositorios da plataforma.
- Almacenamento de imaxes na galería de Coppermine. Configuración e publicación de álbums.

5 de marzo. Aula Nova do CAFI. Sesión con Adrián Aira

Estratexias prácticas de difusión en redes sociais e xestión de licenzas para centros educativos:

- Difusión en Redes Sociais: Selección de canles segundo o obxectivo, planificación de contidos (calendario editorial) e ferramentas de xestión (Meta Business Suite e similares).
- Tipos de Licenzas: Introducción ás licenzas Creative Commons e copyright no ámbito educativo, e como atribuír correctamente obras de terceiros.
- Optimización de recursos: Uso de plataformas colaborativas para a creación e difusión multicanle.

12 de marzo. Aula Nova do CAFI. Sesión con Marga Saborido

Difusión de proxectos a través da páxina web do centro.

- Alta de usuarios con diferentes roles e permisos.
- As taxonomías, os menús e os bloques.
- Publicación de diferentes tipos de contido.

EQUIPO DOCENTE:

Margarita Saborido Ojea: Licenciada en Enxeñería Química é profesora de Tecnoloxía. Na actualidade é Asesora Abalar de AMTEGA.

Ten ampla experiencia en impartir formación sobre ferramentas institucionais e dinamización da páxina web do centro.

Adrián Aira Amorín: Graduado en Publicidade e Relacións Públicas é docente no Máster Universitario en Comunicación en Medios Sociais e Creación e Contidos Dixitais da Universidade de Vigo, no máster en Estrategia y Creatividad Digital da Universitat Autònoma de Barcelona.

Relator en actividades de formación do profesorado referidas ao uso e optimización das redes sociais, xestión profesional de redes sociais etc.

Accesibilidade: se precisas de calquera adaptación que favoreza a túa participación e benestar ao longo do desenvolvemento do curso comunícao canto antes ao correo cafi.linguascooficiais2@edu.xunta.gal